



Plan de igualdade

2021-2025



Concello de Miño
www.concellodemino.gal

EN CaMiÑO
pola igualdade



Este Plan de Igualdade 2021-2025 do Concello de Miño foi elaborado co asesoramento no marco do proxecto Dana+, financiado polo Fondo Social Europeo, a través do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social e promovido por Fundación Mujeres. A diagnose previa da situación da Igualdade entre mulleres e homes en Miño mostrou os seguintes resultados nos tres bloques analizados:

RECURSOS PARA A IGUALDADE E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

O concello de Miño ten unha importante carencia de recursos para a igualdade e contra a violencia de xénero. A moi grave situación económica que sofre é unha das limitacións que arrastra para

corrixir esta situación, aínda que si se están tomando xa algunhas medidas cos recursos existentes, a captación de financiamento a través de subvencións e a determinación e boa disposición das traballadoras. A falta de interese político neste tema e a ausencia de resposta aos cambios sociais e legislativos tamén conduciu á escaseza de recursos humanos.

Por exemplo, non conta con CIM nin oficina de atención ás vítimas de violencia de xénero, pero si se ofrece atención e seguimento por parte da Educadora Familiar, a Traballadora Social e unha avogada contratada especificamente para estes casos. Con todo, detectouse que moitas mulleres descoñecen estes servizos, polo se evidencia a necesidade de mellorar a comunicación da oferta municipal para facilitar o acceso a eles.



Tampouco hai programas para a formación para o emprego, para o apoio a emprendedoras, programas de apoio a colectivos concretos ou servizo de apoio para inserción laboral específicos para mulleres. Por isto será necesario traballar co persoal técnico desta área para incluír todos estes puntos entre os seus obxectivos

Entre a parte positiva destaca que, a pesar de todo, si se executan cada ano máis accións para a conciliación, para a sensibilización sobre a igualdade de oportunidades e contra a violencia de xénero, e que existen asociacións de mulleres, que ademais contan con locais cedidos polo Concello.

**NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO**



ESTRUTURA, RECURSOS E CAPACITACIÓN DA ENTIDADE EN MATERIA DE IGUALDADE

Este bloque presenta un lixeiro incremento nos aspectos xa desenvolto no concello de Miño. Existe dende 2019 unha concellería de Igualdade, que conta de facto con persoal técnico con formación específica en Igualdade e Violencia de Xénero, aínda que non apareza como tal na Relación de Postos de Traballo municipal (anterior á creación da concellería).

O Grupo de Traballo constituído para a elaboración deste Plan de Igualdade será o xerme para a futura Comisión Técnica de Igualdade para a incorporación da igualdade en todas as áreas municipais, e o goberno local está composto por



un 55,55% de mulleres e un 44,55% de homes.

Non hai Comisión Informativa de Igualdade, nin o orzamento municipal contempla partida específica para Igualdade nin tampouco de forma transversal no resto das áreas.

NIVEL DE INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS PROCEDEMENTOS E ACTUACIÓNS MUNICIPAIS

Este bloque é o máis deficitario na aplicación da perspectiva de xénero, e por iso esixirá máis esforzo. O funcionamento do aparello administrativo implica unha inercia que é difícil de modificar, en parte pola rixidez e a rutina dos procedementos e en parte pola resistencia ao cambio.

Aínda que si existe o compromiso político do goberno local coa igualdade, non se comunicou formalmente á cidadanía nin aos traballadores nin se inclúe por escrito nos documentos estratéxicos municipais. Si se deron pasos para a corrección do uso sexista da linguaxe, aínda que non en toda a documentación escrita nin na comunicación oral.

Detectouse unha falta case total de articulación do intercambio de información sobre igualdade entre o concello e as mulleres e/ou expertos en igualdade. Por isto non se dispón de datos desagregados por sexo sobre as diferenzas na situación social e económica das mulleres e dos homes do seu municipio, e por tanto tampouco é posible ter en conta as desigualdades á hora de tomar decisións. Tampouco se teñen en conta ás



asociacións de mulleres, a persoas ou entidades expertas en igualdade para planificar as intervencións municipais.

Non se utilizan todas as cláusulas de igualdade que permite a nova lei de Contratos no Sector Público, nin hai ferramentas para a recollida de datos desagregados por sexo que permitan a elaboración de informes de uso de servizos ou de impacto diferencial das políticas locais en mulleres e homes.



A resultados desta diagnose previa naceu o Plan de Igualdade 2021-2025 de Miño, aprobado o 18 de febreiro de 2021 no pleno municipal, que busca recoller todas estas carencias, articular os obxectivos para conseguir e as medidas para tomar para alcanzalos e, coa determinación e impulso político do goberno local, o esforzo e colaboración do persoal municipal e a receptividade e participación da cidadanía de Miño, avanzar de forma efectiva cara á igualdade entre mulleres e homes no noso pobo.

Este Plan de Igualdade é básico e sinxelo nas súas propostas, pero non por iso é menos ambicioso. Representa o primeiro paso no longo camiño ata a igualdade que inicia, e que terá que ser continuado nos vindeiros anos polos pasos, a vontade e o traballo do Concello e de toda a veciñanza.



Plan de igualdade 2021-2025

1. SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN PARA A IGUALDADE

Obxectivo 1. Divulgar o Plan de igualdade do Concello de Miño

Comunicar e difundir entre a cidadanía o Plan de igualdade municipal, de xeito que se converta nun instrumento vivo de participación e sensibilización.

Comunicar e difundir o Plan de igualdade municipal entre o persoal político e técnico do Concello para procurar a implicación na consecución dos seus obxectivos.

Obxectivo 2. Fomentar a sensibilización en materia de igualdade, así como a toma de conciencia entre a cidadanía

Realizar a divulgación de folletos, campañas, guías etc, tanto municipais como doutras institucións en materia de igualdade.

Celebrar as datas sinaladas e procurar a implicación e a participación de toda a cidadanía nelas, principalmente o 25 de novembro e o 8 de marzo.

Realizar charlas, coloquios, obradoiros e outras actividades que



traten temas de actualidade que sexan de interese para as mulleres.

Incluír contidos de igualdade nas actividades de conciliación realizadas dende o Concello, como campamentos ou actividades de conciliación ao longo do curso escolar.

Incluír contidos de igualdade nas actividades municipais que se promovan dende as diferentes áreas.

Colaborar e coordinar con entidades externas que aborden temas de prevención e loita contra a violencia cara ás mulleres.

Poñer en valor as figuras femininas.

Obxectivo 3. Informar dende o Goberno local do compromiso en materia de igualdade

Comunicación formal á cidadanía

Comunicación formal ao persoal municipal

Inclusión por escrito nos documentos estratéxicos municipais

2. ADMINISTRACIÓN E ORGANIZACIÓN LOCAL

Obxectivo 1. Realizar accións encamiñadas a coñecer a situación da muller no municipio, así como promover investigacións arredor do papel da muller en Miño

Realizar estatísticas municipais desagregadas en función do xénero dos diferentes procedementos e intervencións que se fan dende o Concello nas distintas áreas municipais.

Levar a cabo accións encamiñadas a coñecer a realidade psicosocial, persoal e laboral das mulleres de Miño, tendo en conta a diversidade de mulleres en canto á idade, mulleres do rural, formación, minorías étnicas, etc.



Avaliar o Plan de igualdade cunha periodicidade semestral.

Obxectivo 2. Impulsar a igualdade nas actuacións municipais

Promover a formación do persoal técnico e político en materia de igualdade.

Aproveitar o persoal técnico dos servizos sociais para proporcionar asesoramento técnico ao persoal doutras áreas municipais en temas de igualdade e non discriminación.

Incorporar criterios de igualdade nos procesos de adjudicación e

contratación de empresas externas ao Concello.

Incorporar a perspectiva de xénero nas subvencións municipais.

Promover a inclusión da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais.

Incluír temas de igualdade de xénero nos procesos selectivos de acceso a postos municipais.

Elaborar un manual para o uso da linguaxe non sexista nas comunicacións municipais, ben sexan de forma oral ben escrita.

Facer un emprego da imaxe e linguaxe non sexista á hora de elaborar contido gráfico ou audiovisual.

Obxectivo 3. Crear novas estruturas para a igualdade

Solicitarlle á Comunidade Autónoma un CIM para Miño.





Crear unha mesa interdepartamental de igualdade con representantes de todas as áreas municipais, que se reúna regularmente ou de forma extraordinaria, e que supoña a implicación e a participación das/os profesionais de todas as áreas nos temas de igualdade.

3. PARTICIPACIÓN SOCIAL E POLÍTICA DAS MULLERES

Obxectivo 1. Fomentar a empregabilidade e a formación das mulleres

Fomentar dende as diferentes áreas a empregabilidade e a formación das mulleres de Miño.

Informar sobre as medidas de conciliación.

Obxectivo 2. Impulsar a participación social e política das mulleres

Fomentar o asociacionismo de mulleres.

Asesorar ás mulleres en temas de asociacionismo: Creación de asociacións, procura de subvencións, realización de actividades, etc.

Promover a participación das mulleres no desenvolvemento rural e facilitar o seu acceso á información e aos recursos.

Buscar a implicación da xuventude en temas de igualdade de oportunidades.

4. CONCILIACIÓN

Obxectivo 1. Fomentar a conciliación como camiño para a igualdade, a través da creación de recursos que lles permitan ás familias conciliar e, polo tanto, acceder ao mundo laboral, e promover así o reparto de tarefas e responsabilidades entre mulleres e homes

Manter as actividades de conciliación que xa realiza o Concello,



como son os campamentos de verán, as actividades de conciliación ao longo do curso escolar e a escola infantil municipal, de cara a aumentar o seu uso por parte das familias de Miño, como formas de conciliar.

Crear novos recursos para a conciliación.

Incluir criterios de conciliación de maneira prioritaria nas bases das axudas de comedor que o Concello oferta á cidadanía.

Posibilitar a participación nas medidas de conciliación das fillas e fillos do persoal traballador no

municipio, aínda que non estean empadroados no termo municipal.

Promover obradoiros, charlas, etc, sobre coeducación e reparto de tarefas e responsabilidades.

5. VIOLENCIA DE XÉNERO (VX)

Obxectivo 1. Proporcionar recursos e medidas orientadas á intervención e atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero

Informar a poboación sobre os recursos existentes, principalmente sobre o papel dos servizos sociais na atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás súas familias.

Crear a mesa local contra a violencia de xénero, coa representación de todos os axentes implicados na loita contra a VX.





Coordinar as diferentes institucións que atendan as mulleres vítimas de violencia tanto a nivel municipal como a nivel provincial e autonómico.

Elaborar un manual de acompañamento para entregarlles ás mulleres vítimas de violencia cando acoden a calquera institución na procura de axuda.

Obxectivo 2. Realizar accións encamiñadas á prevención da violencia cara ás mulleres, a través da sensibilización e concienciación da sociedade en xeral

Solicitar axudas para levar a cabo accións de sensibilización e prevención da violencia de xénero.

Fomentar as accións encamiñadas ao coñecemento, á sensibilización e á prevención da violencia de xénero entre o persoal técnico e político do Concello.

Descentralizar as accións de sensibilización, de xeito que cheguen á poboación de todo o municipio, así como a toda a veciñanza, independentemente de idade, características sociofamiliares, nivel de estudos, etc.

Colaborar e coordinar con entidades externas que aborden temas de prevención e loita contra a violencia á muller.





Concello de Miño
www.concellodemino.gal

EN CaMiÑo
pola igualdade

